

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 30/2026 de 26.01.2026 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 29 DE XANEIRO DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G001/000001

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 26.01.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 29.01.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 23.12.2025.**
- 2 RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 23.12.2025, RELATIVO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS .**
- 3 RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ANEXO II DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)".**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 4 MOCIÓN PSdG-PSOE: SITUACIÓN DE SATURACIÓN DO SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE DE FERROL.
- 5 MOCIÓN PSdG-PSOE: ADOPCIÓN MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR UN SERVIZO DE TRANSPORTE INTERUBANO AXEITADO NA LIÑA FERROL-A CORUÑA.
- 6 DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026.
- 7 DAR CONTA DAR REMISIÓN AO MINISTERIO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 4º TRIMESTRE 2025
- 8 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 9 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 10 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

